Manual de Usuario

GANES v 4.5.0

ÍNDICE

1. Introdución 5
1.1. Introdución aos Albarás de Entrega 5
1.2. Introdución á aplicación GANES 5
2. Presentación do sistema 6
2.1. Contorno de traballo 6
2.2. Perfís de usuario 6
2.3. Funcionamento do sistema 6
2.3.1. Xestión de Albarás de Entrega 6
2.3.2. Xestión de clientes 6
2.3.3. Opcións 7
2.3.4. Axuda 7
2.3.5. Sistemas relacionados 7
3. Funcionalidades do sistema 8
3.1. Rexistro de Albarás de Entrega 8
3.1.1. Descrición da funcionalidade 8
3.1.2. Perfís autorizados 8
3.1.3. Definición da interface 9
3.1.4. Instrucións 13
3.1.5. Actuacións ante Erros 14
3.2. Consulta de Albarás de Entrega 14
3.2.1. Descrición da funcionalidade 14
3.2.2. Perfís autorizados 14
3.2.3. Definición da interface 14
3.2.4. Instrucións 15
3.2.5. Actuacións ante Erros 17
3.3. Exportación de Albarás de Entrega 17
3.3.1. Descrición da funcionalidade 17
3.3.2. Perfís autorizados 17
3.3.3. Definición da interface 18
3.3.4. Instrucións 19
3.3.5. Actuacións ante Erros 19
3.4. Importación de Albarás de Entrega 19
3.4.1. Descrición da funcionalidade 19
3.4.2. Perfís autorizados 20
3.4.3. Definición da interface 20
3.4.4. Instrucións 20

3.4.5. Actuacións ante Erros 21
3.5. Rexistro de Clientes 21
3.5.1. Descrición da funcionalidade 21
3.5.2. Perfís autorizados 21
3.5.3. Definición da interface 22
3.5.4. Instrucións 22
3.5.5. Actuacións ante Erros 22
3.6. Consulta de Clientes 23
3.6.1. Descrición da funcionalidade 23
3.6.2. Perfís autorizados 23
3.6.3. Definición da interface 23
3.6.4. Instrucións 24
3.6.5. Actuacións ante Erros 24
3.7. Modificación de Clientes 24
3.7.1. Descrición da funcionalidade 24
3.7.2. Perfís autorizados 24
3.7.3. Definición da interface 25
3.7.4. Instrucións 25
3.7.5. Actuacións ante Erros 26
3.8. Opcións 26
3.8.1. Descrición da funcionalidade 26
3.8.2. Perfís autorizados 26
3.8.3. Instrucións 26
3.8.4. Actuacións ante erros 26
3.9. Axuda 26
3.9.1. Descrición da funcionalidade 26
3.9.2. Perfís autorizados 26
3.9.3. Definición da interface 27
3.9.4. Instrucións 27
3.9.5. Actuacións ante Erros 27
4. Anexo I: Glosario de Termos e Acrónimos 28
5. Anexo II: Faq´s do sistema 29
5.1. Rexistro de Albarás de Entrega 29
5.2. Consulta de Albarás de Entrega 29
5.3. Modificación de Albarás de Entrega 29
5.4. Exportación de Albarás de Entrega 30
5.5. Importación de Albarás de Entrega 30
5.6. Actualización de versións 30

6. Anexo III Formato de ficheiros de exportación e importación 31
6.1. Estrutura txt 31
6.2. Estrutura XML 32
6.3. Significado das etiquetas 34
6.4. Codificación de datos 35
6.4.1. Tipo de franqueo 35
6.4.2. Destino 36
6.4.3. Produto 36
6.4.4. Modalidade 37
6.4.5. Treito de peso 37
6.4.6. Ámbito 37
6.4.7. Grao de clasificación 42
6.4.8. Valor engadido 42
6.4.9. Treitos envíos publicorreo plus 42
6.4.10. DATA 42
6.5. Exemplos 42
6.5.1. Exemplo 1 43
6.5.2. Exemplo 2 43
6.5.3. Exemplo 3 45

1. Introdución

Este documento preséntase como manual de referencia da aplicación GANES para a xestión local de Albarás de Entrega. Nel recóllense as características fundamentais do programa e analízanse as funcionalidades principais desenvolvidas.

O manual vai dirixido a aqueles clientes que queiran empregar GANES para a xeración dos seus Albarás de Entrega desde os seus propios equipos de maneira offline, e aproveitar as súas funcionalidades para xestionalos de maneira eficiente.

1.1. Introdución aos Albarás de Entrega

Os Albarás de Entrega son os documentos que acompañan ás entregas de envíos nas Oficinas de Admisión e nas Unidades de Admisión Masiva.

Nun Albará de Entrega consígnanse os datos do cliente, o produto ao que corresponden os ditos envíos e as características destes en canto a treitos de peso, ámbitos, valores engadidos, etc.

Cada albará está asociado a un contrato-cliente e a un tipo de produto concreto, polo que non se pode recoller nun mesmo albará informacións relativas a envíos pertencentes a distintos produtos, clientes ou contratos. Polo tanto, os Albarás de Entrega permiten incluír nun único documento, a información completa e organizada dunha remesa de envíos.

1.2. Introdución á aplicación GANES

GANES é unha aplicación local que permite a xestión offline de Albarás de Entrega. As súas principais funcionalidades son:

- **Rexistro de Albarás de Entrega**: xeración e rexistro de Albarás de Entrega válidos para a súa presentación nos centros de admisión de Correos
- **Importación e exportación de Albarás**: xestión da situación e almacenamento dos Albarás de Entrega da aplicación
- **Consulta de Albarás de Entrega**: busca e localización dos Albarás de Entrega rexistrados coa aplicación no sistema
- **Impresión de documentos**: obtención de Albarás de Entrega cunha nube de puntos asociada que codifica a información do documento
- **Creación de clientes**: creación de clientes dentro do sistema para o seu uso no rexistro de Albarás de Entrega
- **Consulta de clientes**: busca de clientes para a súa modificación, eliminación e uso en GANES

Mediante estas funcionalidades, os usuarios da aplicación poden xestionar de forma local e centralizada todos os datos e información relativa á xeración de Albarás de Entrega compatibles cos sistemas dos centros de admisión de Correos.

2. Presentación do sistema

2.1. Contorno de traballo

Para utilizar GANES o equipo do cliente debe cumprir as seguintes condicións:

- Procesador Intel ou 100% compatible Pentium 166 MHz ou superior
- 256 MB RAM
- 10 MB de espazo en disco (JVM require adicionalmente 98 MB)

Ademais necesítanse, para facer o uso completo das funcionalidades desenvolvidas, as seguintes ferramentas adicionais instaladas:

- Máquina Virtual de Java versión 1.5.0 ou superior. Ao ser unha aplicación desenvolvida no contorno JAVA, para a súa execución é preciso que o equipo de traballo teña instalada a JVM.
- Ferramenta de descompresión de arquivos en formato .zip
- Ferramenta de tratamento de arquivos con formato .pdf (por exemplo Acrobat Reader) A ferramenta xera os albarás para a súa impresión neste formato, polo que é preciso unha ferramenta deste tipo para poder imprimir Albarás de Entrega con nube de puntos.

2.2. Perfís de usuario

Calquera usuario con acceso ao equipo no que se instalara a aplicación GANES con permisos para a execución de programas neste poderá acceder libremente á aplicación.

2.3. Funcionamento do sistema

As funcionalidades desenvolvidas en GANES permiten realizar unha xestión integral dos Albarás de Entrega no equipo do usuario, permitindo levar a cabo todos os pasos precisos desde a creación e rexistro dos datos dos albarás ata a súa impresión e a obtención de documentos válidos para a súa entrega nos centros de admisión.

As funcionalidades principais do sistema divídense nas seguintes categorías:

2.3.1. Xestión de Albarás de Entrega

Contén as funcionalidades relativas á creación, rexistro e uso de Albarás de Entrega na aplicación:

- **Rexistrar**: permite xerar albarás válidos do cliente para a súa presentación nos centros de admisión
- **Consultar**: permite localizar os albarás rexistrados no sistema
- **Exportar**: garda os albarás rexistrados en ficheiros para que o usuario poida facer uso dos datos de forma externa á aplicación
- **Importar**: obtén datos de albarás de ficheiros co formato adecuado

2.3.2. Xestión de clientes

Permite xestionar os clientes habituais para os que o usuario xera os Albarás de Entrega en GANES:

- **Rexistrar**: crea clientes para o seu uso no rexistro de albarás
- **Consultar**: permite buscar clientes, ver os seus datos e modificalos.

2.3.3. Opcións

Permite seleccionar o idioma da interface da aplicación

2.3.4. Axuda

Contén o manual de axuda da aplicación e permite consultar a versión da aplicación empregada.

2.3.5. Sistemas relacionados

GANES é unha ferramenta independente do resto de sistemas de Correos e de uso local. Porén os datos de produtos e características de envíos están ligados aos aceptados nos centros de admisión, de tal maneira que os impresos xerados sexan válidos para a súa admisión en Correos.

O usuario de GANES debe xerar os seus albarás e imprimir **dúas copias** de cada un coas súas nubes de puntos, para despois presentalos nos centros de admisión. Nos ditos centros compróbase que a información recollida nos Albarás de Entrega correspóndese coa carga de envíos asociada a eles.

Finalmente, se a información é correcta, os Albarás de Entrega admítense, quedando rexistrados nos sistemas de información de Correos, onde se asocia un código único a cada albará.



3. Funcionalidades do sistema

3.1. Rexistro de Albarás de Entrega

3.1.1. Descrición da funcionalidade

Esta funcionalidade permite ao usuario introducir todos os datos precisos para a creación dun Albará de Entrega e xerar un documento impreso válido no que a súa información se codifica mediante unha nube de puntos que facilite a súa posterior lectura no proceso de admisión dos centros de Correos.

3.1.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.1.3. Definición da interface


GANES 3.1.0
Xestión Albarás
Xestión Clientes
Opcións
Axuda
2 % de Ocupación
Rexistrar Albarás de Entrega
GANES
Nº Contrato:
Nº Cliente:
Cliente:
NIF:
Sinatura:
Referènci:
Provincia Adm.:
-- Seleccione Provincia --
Tipo Franqueo:
-- Seleccione Tipo Franqueo --
Destino:
Nacional
Internacional
Produto:
-- Seleccione Produto --
Mod. incluídas:
Mod. opcionais:
Nº Envios
Treito de Peso
Ámbito
Clasificación
Valores Engadidos
REXISTRAR
CANCELAR
Compruebe en la Web de Correos si hay disponible una nueva versión



A creación e rexistro dun Albará de Entrega en GANES realízase en varias fases:

- **Datos do cliente**

Os albarás asócianse a un cliente ao que corresponden os envíos caracterizados no dito albará. A identificación do cliente realízase a través:

- Número de contrato
- Número de cliente
- Nome de cliente
- CIF

Adicionalmente, entre os datos do cliente pode incluírse un ficheiro de imaxe (.gif, .bmp ou .jpeg) coa súa sinatura para que esta se imprima no albará que se xere. O arquivo indícase premendo sobre a icona de sinatura

O usuario de GANES debe indicar en primeiro lugar esta información. Os datos poden introducirse manualmente ou a partir dos clientes dispoñibles na aplicación, pulsando sobre o botón de busca en forma de lupa. A busca realízase a partir de calquera dato introducido na información de cliente. Se non se introduce ningunha información búscanse todos os clientes dispoñibles na aplicación. Para seleccionar un cliente debe facerse dobre clic sobre a súa liña de rexistro. Se só hai registrado un cliente, os seus datos cargaranse automáticamente ao premer sobre a lupa.

A aplicación non comproba a validez destes datos, polo que no caso de que non se correspondan cos existentes en Correos, o albará presentado non poderá rexistrarse nos centros de admisión sen ser modificado. Polo tanto, é responsabilidade do usuario de GANES indicar datos válidos de cliente na creación dos seus albarás.

Tamén debe seleccionar a provincia na que se vai realizar o depósito do albará xerado.

Así mesmo o cliente pode incluír unha referencia para o seu albará.

- **Datos do produto**

A segunda fase do rexistro está relacionada co tipo de produto para o que se crea o albará e as súas características. Esta información introdúcese en distintos campos relacionados entre si e que deben cubrirse na seguinte orde:

- **Provincia de admisión**: Provincia dende a cal se van a admitir os albarás
- **Tipo de franqueo**: admítense franqueo pagado, concertado e a máquina
- **Produto**: para cada tipo de franqueo seleccionado existe un conxunto de produtos dispoñibles
- **Destino**: nacional ou internacional
- **Modalidades**: dependendo do produto seleccionado pódense seleccionar unha ou varias modalidades.

Adicionalmente dependendo do tipo de franqueo escollido deberanse indicar datos adicionais como o número de máquina ou o franqueo utilizado.

Todos estes datos aplícanse ao conxunto dos envíos do albará, polo que se algún dos envíos que se quere rexistrar non se axusta aos ditos datos, deberá consignarse nun novo albará.

GANES si establece unha validación deste conxunto de datos, polo que só se poden rexistrar albarás coas combinacións admitidas pola aplicación.

- **Datos dos envíos**

Tras indicar o produto e as súas características, o último paso para a creación do albará é indicar os datos dos envíos. Para iso existe unha táboa, na que por cada liña se indica:

- Número de envíos
- Treito de peso
- Ámbito
- Clasificación
- Valores engadidos (se é o caso)

No caso de haber seleccionado o producto Publicorreo Plus:

- Treito de envíos
- Número de envíos
- Treito de peso
- Peso unitario
- DATA
- Clasificación

Os envíos indicados en cada liña teñen, polo tanto, as mesmas características. Unha vez indicados todos os datos do albará, ao pulsar o botón “Rexistrar” amósase o detalle completo deste.

Pulsando “Cancelar” bórranse todos os datos novos introducidos”



Ao realizar o rexistro asígnase ao albará un código interno que permite localizalo dentro da aplicación. Este código vai aumentando secuencialmente a medida que se xeran albarás.

O albará creado pódese modificar e eliminar desde o detalle.

Igualmente pode imprimirse. No documento impreso obtido amósanse os datos do albará cun conxunto de códigos internos asociados aos produtos e aos envíos, e unha nube de puntos que codifica a información. Porén non existe ningún código de albará válido en Correos asociado ao Albará de Entrega xerado. Este só se crea tras a admisión.

Adicionalmente aos datos propios da pantalla de rexistro amósase o número de envíos totais que contén o albará xerado.

3.1.4. Instrucións

Deben introducirse os datos do albará na orde presentada no anterior apartado. Os campos cun fondo máis escuro son obrigatorios polo que deben cubrirse. Porén a aplicación valida previamente ao rexistro os datos introducidos e indica a posible ausencia de campos obrigatorios.

Unha vez indicados todos os datos, debe pulsarse “Rexistrar” para gardar o albará en GANES. Amósase daquela o detalle do Albará de Entrega.

- O albará pode modificarse tantas veces coma sexa preciso, pulsando “Modificar” desde o detalle.
- Para imprimir o albará e a súa copia debe pulsarse “Imprimir”, non existindo un número límite de veces de impresión do mesmo albará.
- Para eliminar o albará do sistema púlsase “Eliminar”
- Para crear un novo albará a partir dos datos do albará rexistrado débese pulsar o botón “Copiar”.

3.1.5. Actuacións ante Erros

O rexistro de albarás está restrinxido a un número máximo. Superado este límite, deshabilítanse as funcionalidades de rexistro e consulta. Para seguir rexistrando albarás o usuario debe borrar algún dos albarás existentes na aplicación mediante as opcións de eliminación ou exportación.

O albará pode modificarse tantas veces coma sexa preciso. Se se desexa borrar unha liña de envíos abonda con suprimir o campo “número de envíos”.

A modificación dun albará non implica a creación dun novo, manténdose o mesmo código interno para o albará modificado.

Pulsando sobre o botón cancelar elimínanse todos os cambios realizados desde a última vez que se gardou o albará.

3.2. Consulta de Albarás de Entrega

3.2.1. Descrición da funcionalidade

A consulta de Albarás de Entrega permite buscar Albarás de Entrega rexistrados a través de GANES, para acceder ao seu detalle e poder empregar o resto de funcionalidades asociadas aos albarás na aplicación.

3.2.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.2.3. Definición da interface



A interface de consulta contén un conxunto de campos de información que se empregan como criterios de busca de Albarás de Entrega na aplicación:

- Nº Contrato
- Nº Cliente
- Código de albará
- Referencia
- Provincia Admisión
- Data de creación
- Tipo de Franqueo
- Produto

Pulsando o botón “Buscar” amósase unha lista cos albarás que se corresponden cos criterios especificados. Pulsando sobre o botón de detalle en forma de lupa accédese ao detalle do albará para ver toda a súa información.

Desde o detalle pódese acceder ás funcionalidades antes expostas de modificación impresión e eliminación, ou volver á consulta.

Adicionalmente se poden seleccionar albarás da listaxe obtida para exportalos (en formato detallado), imprimilos ou eliminalos, mediante os botóns de "Exportar", "Imprimir" e "Eliminar".

3.2.4. Instrucións

- Para realizar unha consulta débense introducir os criterios de busca e pulsar o botón “Buscar”.
- Para exportar albarás consultados debe marcarse a casa de aceptación dos albarás que se desexen exportar entre os resultantes da consulta e pulsarse "Exportar". A continuación mostrarase unha ventá na cal se seleccionará a ruta onde se almacenará o arquivo a exportar e se lle asignará un nome,



- Para eliminar albarás consultados, debe marcarse a casa de aceptación dos albarás que se desexen eliminar entre os resultantes da consulta e pulsar o botón

"Eliminar". A continuación aparecerá unha ventá de confirmación dende a cal se pode confirmar ou cancelar o proceso.



- Para Imprimir albarás consultados, debe marcarse a casa de aceptación dos albarás que se desexen eliminar entre os resultantes da consulta e pulsar o botón "Imprimir". Se se seleccionan máis de 50 albarás a imprimir, aparecerá unha ventá de confirmación onde se poderá confirmar ou cancelar o proceso. Dependendo da velocidade de proceso do equipo esta operación pode tardar uns minutos.



- Para acceder ao **detalle** dun albará debe pulsarse o botón de lupa, na parte esquerda de cada fila da táboa de resultados. Desde a pantalla de detalle o albará poderase modificar, eliminar ou imprimir pulsando sobre o botón habilitado para cada caso.

3.2.5. Actuacións ante Erros

Se a consulta realizada non responde ás necesidades do usuario deben indicar novos criterios de busca e pulsar o botón “Buscar”.

3.3. Exportación de Albarás de Entrega

3.3.1. Descrición da funcionalidade

A exportación de Albarás de Entrega permite almacenar os datos dos albarás designados polo usuario nun ficheiro externo á aplicación. Este ficheiro pode empregarse como copia de seguridade dos albarás ou para o seu tratamento por outras ferramentas do usuario.

O ficheiro contén un conxunto de etiquetas que conteñen os datos dos albarás exportados.

Dependiendo do tipo de exportación que se seleccione, tras realizar a súa copia no ficheiro, os albarás seleccionados permanecerán no sistema ou serán borrados.

3.3.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.3.3. Definición da interface

A interface para a exportación permite indicar o formato de datos exportados, e os criterios que determinan os albarás que deben ser exportados.



- **Tipo de Ficheiro**

O tipo de ficheiro ao que se exportan os datos pode ser XML ou de texto plano (.txt) cos seus campos de información separados por tabulacións

- **Formato**

Existen dúas opcións dispoñibles, cada unha das cales determina o conxunto dos datos dos albarás que se van exportar.

- Resumido:
  - Nº de contrato
  - Nº Cliente
  - CIF
  - Código de produto
  - Código de franqueo
  - Prezo do albará
- Detallado: inclúe todos os datos dos albarás

- **Criterios de busca**

Para indicar que albarás se deben exportar pódense empregar os seguintes criterios de busca:

- Datas de rexistro
- Produto
- Número de Cliente
- Provincia Admisión

O resultado da busca é unha listaxe cos albarás encontrados.

O usuario pode seleccionar aqueles que desexe exportar, empregando a marca de aceptación e pulsando "Exportar" ou "Histórico", indicando daquela o nome do ficheiro, a extensión deste e a localización na que desexa gardalo.

- Se preme "Exportar" unicamente se gardará o ficheiro de exportación
- Se preme "Histórico", ademais de xerarse o ficheiro, os albarás seleccionados elimínanse da aplicación.
- Premendo "Cancelar" límpase a pantalla

3.3.4. Instrucións

- Para facer uso da funcionalidade o usuario debe indicar o tipo de formato de exportación, posteriormente indicar os criterios de busca de albarás, pulsar "Buscar" e en última instancia marcar aqueles do seu interese (aínda que todos aparecen marcados por defecto)
- Finalmente, ao pulsar "Exportar" ou "Histórico" debe indicarse o ficheiro, a súa localización e a extensión deste.

3.3.5. Actuacións ante Erros

A opción atópase deshabilitada se se chegou ao número máximo de albarás rexistrados na aplicación. Só se poderá importar un número de albarás que non faga que se supere dito límite

Se algún dos datos indicados para a exportación é incorrecto pódese realizar unha nova busca ou pulsar o botón "Cancelar" para comezar o proceso.

Só poden importarse ficheiros de texto plano ou XML co formato e orde de información que establece GANES

Se se exportou un ficheiro incorrectamente pode borrarse como calquera outro ficheiro do equipo do usuario. Adicionalmente pódese abrir o ficheiro e tratar os datos directamente cun procesador de texto ou unha folla de cálculo.

Para cambiar a localización ou o nome dun ficheiro deben seguirse os procedementos habituais con calquera ficheiro do usuario a través das ferramentas do seu sistema operativo.

3.4. Importación de Albarás de Entrega

3.4.1. Descrición da funcionalidade

Esta funcionalidade permite importar ficheiros para incorporar directamente Albarás de Entrega á aplicación de GANES.

A funcionalidade ten como obxecto principal poder recuperar albarás exportados previamente por GANES, aínda que se se xera un ficheiro co formato de campos adecuado, como os que se xeran nos ficheiros de exportación, a aplicación tamén saberá interpretalos.

3.4.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.4.3. Definición da interface

A interface desenvolvida permite indicar o ficheiro co que se desexa importar.



Pulsando sobre o botón “Examinar” ábrese unha ventá na que se debe sinalar o arquivo que contén os albarás que se desexa importar.

Ao pulsar “Cargar” amósase unha listaxe cos albarás contidos nese ficheiro que se poden importar.

Disponse dun botón “Importar” para incorporar os albarás do ficheiro á aplicación.

Se se pulsa o botón “Cancelar” límpase a pantalla.

3.4.4. Instrucións

Para importar albarás débense seguir os seguintes pasos:

- Pulsar o botón “Examinar” e localizar o ficheiro desde o que se desexa realizar a importación.
- Pulsar o botón “Cargar” para que a aplicación lea os datos correspondentes a albarás que haxa dentro do ficheiro.

- Marcar os albarás que se desexa importar entre os dispoñibles (aparecen marcados todos por defecto)
- Pulsar o botón “Importar para recuperar os albarás seleccionados.
- Se non se desexa realizar a importación debe pulsarse o botón “Cancelar”

3.4.5. Actuacións ante Erros

A opción atópase deshabilitada se se chegou ao número máximo de albarás rexistrados na aplicación

Se se seleccionou un ficheiro incorrecto, pode volver pulsarse “Examinar” para localizar o ficheiro adecuado.

Non se poden importar albarás desde un ficheiro que se xerara coa funcionalidade de exportación con formato resumido.

Se se importou un albará erroneamente, para eliminalo, deberá accederse a el mediante a funcionalidade de consulta, e desde alí proceder á súa eliminación en GANES.

3.5. Rexistro de Clientes

3.5.1. Descrición da funcionalidade

O rexistro de clientes permite xerar clientes dentro de GANES que poden cargarse directamente con todos os seus datos no proceso de xeración e rexistro de Albarás de Entrega na aplicación.

3.5.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.5.3. Definición da interface

A interface de xeración de clientes contén unicamente os datos relativos a estes empregados para a creación de Albarás de Entrega:

- Número de contrato
- Número de cliente
- Nome de cliente
- CIF
- Sinatura
- Nº Máquina
- Provincia Admisión

3.5.4. Instrucións

- Para crear un cliente deben cubrirse os campos de información e pulsar o botón “Rexistrar”. Os números de clientes están formados por 8 díxitos ou 10 caracteres alfanuméricos (CT + 8 díxitos ou 99 + 8 díxitos). Se se desexa incluír unha sinatura, debe indicarse a ruta do ficheiro que a contén premendo sobre a súa icona correspondente.
- Para cancelar a creación do cliente e limpar a pantalla púlsase o botón “Cancelar”

3.5.5. Actuacións ante Erros

Se se introduce un dato incorrecto pódese modificar ou eliminar posteriormente a partir da pantalla de consulta de clientes, accedendo ao detalle do cliente que se queira modificar.

3.6. Consulta de Clientes

3.6.1. Descrición da funcionalidade

A consulta de clientes permite acceder aos clientes rexistrados en GANES para comprobar o seu detalle e se é o caso proceder á xestión e modificación dos seus datos.

3.6.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.6.3. Definición da interface



A interface de consulta de clientes contén como criterios de busca os datos relativos a estes empregados na súa xeración:

- Número de contrato
- Número de cliente
- Nome de cliente
- CIF
- Sinatura
- Nº Máquina
- Provincia Admisión

Pulsando “Buscar” amósase unha listaxe cos clientes que se axustan aos criterios de busca especificados. Os clientes mostrados poden seleccionarse para ser eliminados mediante o botón “Eliminar”.

Tamén hai un botón de lupa, na parte esquerda da liña correspondente a cada cliente, que permite acceder ao seu **detalle**.

3.6.4. Instrucións

- A consulta de clientes realízase indicando os criterios de busca e pulsando o botón "Buscar"
- Para acceder ao **detalle** dun cliente débese pulsar sobre o botón de lupa na parte esquerda.
- Para eliminar clientes deben seleccionarse aqueles que se desexen eliminar e pulsar o botón "Eliminar".
- Se se quere realizar unha nova consulta pódense indicar novos criterios. Pulsando o botón "Cancelar" límpase toda a pantalla.

3.6.5. Actuacións ante Erros

Se a consulta realizada non responde ás necesidades do usuario deben indicar novos criterios de busca e pulsar o botón "Buscar".

3.7. Modificación de Clientes

3.7.1. Descrición da funcionalidade

A modificación de clientes permite modificar os datos destes dentro de GANES. O acceso a esta funcionalidade faise desde a pantalla de consulta de clientes.

3.7.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.7.3. Definición da interface



A interface de modificación de clientes responde á pantalla de detalle do cliente e contén os seguintes campos:

- Número de contrato
- Número de cliente
- Nome de cliente
- CIF
- Sinatura

Estes campos son modificables. Pulsando o botón “Gardar” almacénanse estes datos.

Tamén se pode eliminar, crear un novo albará para este cliente ou volver á pantalla de consulta, mediante os correspondentes botóns habilitados.

3.7.4. Instrucións

- Debe localizarse o cliente que se desexa modificar na pantalla de consulta de clientes, e acceder ao seu detalle a través do botón de lupa
- Desde o detalle para modificar os datos do cliente debe cambiarse a información dos campos presentes. Se se cambia o nome do cliente crearase un novo en GANES, se non modificarase o seleccionado.
- Para eliminar o cliente débese pulsar o botón “Eliminar”
- Pulsando o botón “Crear Albará” comézase o proceso de rexistro dun novo Albará de Entrega para o dito cliente.
- Para volver á pantalla de consulta de clientes débese pulsar o botón “Volver”.

3.7.5. Actuacións ante Erros

- Se se modifica un cliente por erro, deberá volverse utilizar a funcionalidade de modificación para arranxar o erro.
- Se se modifica o nome de cliente créase un novo usuario, en lugar de modificar o actual.

3.8. Opcións

3.8.1. Descrición da funcionalidade

Baixo o epígrafe de opcións pódese seleccionar o idioma da aplicación. A presentación das pantallas adecúase ao dito idioma.

3.8.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.8.3. Instrucións

Debe pulsarse sobre a entrada de menú “Opcións” e no apartado “Idioma” seleccionar o que se desexe.

A seguinte vez que se abra a aplicación farao no último idioma seleccionado.

3.8.4. Actuacións ante erros

No caso de que por erro se seleccione o idioma incorrecto deberase ir de novo á entrada para a selección de idioma (situada no mesmo lugar do menú)

3.9. Axuda

3.9.1. Descrición da funcionalidade

A funcionalidade de axuda permite aos usuarios acceder aos recursos de axuda da aplicación.

3.9.2. Perfís autorizados

Calquera usuario que execute GANES ten acceso a esta funcionalidade.

3.9.3. Definición da interface



A interface de axuda baséase en pantallas emerxentes que se activan pulsando o botón de axuda de cada pantalla.

Así mesmo existe unha opción de menú a través da cal se accede a este manual, así como á información da versión da aplicación instalada.

3.9.4. Instrucións

- Para acceder ás axudas debe pulsarse os botóns habilitados en cada páxina.
- Para descargar o manual de axuda debe accederse á opción de menú axuda, e seleccionar a opción de “manual”
- Pulsando no menú “Sobre...” pódese consultar a versión da aplicación GANES instalada

3.9.5. Actuacións ante Erros

Se o manual de axuda non se abre pode deberse a un problema coa instalación do programa de lectura de documentos pdf. Debe revisarse que funciona correctamente para poder descargar o manual da aplicación.

4. Anexo I: Glosario de Termos e Acrónimos

GANES : Gestión de AlbaraNES

XML: eXtensible Mark-up Language

JVM: Java Virtual Machine

5. Anexo II: Faq´s do sistema

5.1. Rexistro de Albarás de Entrega

- **¿Como se xeran os números internos de referencia dos albarás?**

O número interno de referencia é un secuencial de 7 díxitos. Inicialízase no momento de instalación do produto e increméntase con cada novo rexistro realizado.

- **¿Existe algunha relación entre os clientes e os produtos nos Albarás de Entrega?**

Cada par contrato-cliente ten asignados un conxunto de produtos, que se actualizan en función das relacións comerciais e contractuais do cliente con Correos. Nembargantes ao ser GANES unha aplicación offline, este tipo de relacións non se valida á hora de crear albarás.

- **¿Poden incluírse envíos de varios clientes ou produtos nun mesmo albará?**

Non. Un albará inclúe envíos dun único produto e para un cliente determinado.

- **¿Como se eliminan envíos dun albará?**

Para eliminar envíos dun albará debe borrarse a cantidade de envíos especificada no rexistro que se desexe eliminar.

- **¿Que información contén a nube de puntos?**

A nube de puntos codifica toda a información presente no albará xerado que utilizan os centros de admisión para rexistrar e admitir os envíos nos sistemas de Correos.

- **¿En que formato deben imprimirse os albarás?**

A impresión de albarás debe facerse en formato DIN A4 con obxecto de que poida lerse a nube de puntos xerada nos centros de admisión de Correos.

5.2. Consulta de Albarás de Entrega

- **¿A consulta realízase sobre todos os albarás no equipo do usuario?**

Os albarás buscados deben atoparse na carpeta destinada ao seu rexistro durante a instalación. Se se teñen dúas instalacións distintas no mesmo equipo, a busca só afectará aos albarás da que estea activa.

- **¿Por que non aparece ningún estado de admisión asociado aos Albarás de Entrega consultados?**

Ao tratarse dunha aplicación offline, GANES non recupera a información asociada á admisión dos albarás nos centros de Correos.

5.3. Modificación de Albarás de Entrega

- **¿Pódese crear un novo albará a partir dos datos dun xa modificado?**

Si, esa opción existe na pantalla de detalle do albará que aparece ao finalizar o rexistro.

5.4. Exportación de Albarás de Entrega

- **¿A que formatos pódese exportar os datos?**

A información expórtase en formato de texto ou XML a calquera tipo de ficheiro. Porén, pola súa estrutura, o ficheiro xerado pode tratarse facilmente con follas de cálculo.

- **¿Pódese exportar a un único ficheiro varios albarás?**

O ficheiro que se xera en resposta a unha exportación pode incluír información relativa a varios Albarás de Entrega.

5.5. Importación de Albarás de Entrega

- **¿Pódense importar albarás que non foran xerados pola aplicación?**

Se a información aparece debidamente formateada pódese importar, aínda que non fora xerada pola propia aplicación.

- **¿Pódense importar albarás que foran exportados en formato resumido?**

Os ficheiros con formato resumido son simplemente informativos. Non poden importarse correctamente pola aplicación por falta de datos.

5.6. Actualización de versións

- **Onde poden obterse actualizacións de GANES?**

As novas versións poranse obter na páxina web de Correos Online, mediante un programa executábel de instalación.

- **Ao instalar unha nova versión, como poden conservarse os clientes e os albarás creados cunha versión anterior?**

A información de clientes gárdase no ficheiro tFAClientes.xml, mentres que a dos albarás se atopa nos ficheiros tFAIndexNE.xml e NExxxxxxxx.xml Todos eles atópanse no directorio \GANES\src\xml\data\

Para conservalos pode realizarse a nova instalación na mesma situación que a antiga e cando se pregunte se se desexa sobrescribir estes ficheiros indicar NON.

Outra opción consiste en copiar os ficheiros indicados da antiga versión no directorio \GANES\src\xml\data\

Por último, para o caso de albarás poden empregarse as funcionalidades de exportación e importación.

6. Anexo III Formato de ficheiros de exportación e importación

Como se indicou, GANES posúe funcionalidades de exportación e importación de Albarás de Entrega.

As ditas funcionalidades baséanse no emprego de ficheiros XML. A elección deste formato está motivada pola súa versatilidade e o seu crecente uso como formato xeral de intercambio de información entre aplicacións informáticas.

Neste apartado preséntase o formato e a estrutura empregados para a xeración dos ficheiros de texto e XML de GANES. Con esta información calquera usuario poderá xerar os seus propios ficheiros para importalos desde outras aplicacións en GANES, e á súa vez tratar facilmente os ficheiros que GANES xere nas operacións de exportación.

6.1. Estrutura txt

Os arquivos de texto GANES rexistran en cada liña a información dun grupo de envíos do albará.

O ficheiro non ten cabeceira de campos.

Deben empregarse os códigos expostos nas táboas para os campos de destino, modalidade, produto, tipo de franqueo, tramo de peso, ámbito clasificación e valores engadidos.

Se un campo non ten información deberase marcar cun tabulador.

Se un grupo de envíos ten varias modalidades ou valores engadidos, estos deben separarse mediante comas.

O conxunto de campos do ficheiro e a orde na que deben aparecer é a seguinte:

- Orde: número de albará no ficheiro
- Referencia: referencia do cliente
- Ano rexistro: aaaa
- Mes rexistro: mm
- Día rexistro: dd
- Hora rexistro: dd
- Minuto rexistro: dd
- Segundo rexistro: dd
- Nome cliente: nome do cliente
- Nº Contrato: número contrato
- Nº Cliente: número cliente
- CIF
- EC: nome da entidade colaboradora
- Nº EC: número da entidade colaboradora
- Franqueo: tipo de franqueo
- Número FC: número de franqueo concertado
- Número FM: número de máquina

- Importe franq.: importe franqueado
- Destino
- Produto
- Modalidades
- Campaña

Os datos anteriores serán compartidos por todos os grupos de envíos dun mesmo albará. Para indicar un novo albará debe variarse o número que aparece en orde. Todos os envíos dun mesmo albará deben rexistrarse en fileiras consecutiva do arquivo.

PRODUCTOS DISTINTOS DE PUBLICORREO PLUS

- Envíos: número de envíos con ditas características
- Tramo
- Ámbito
- Clasificación
- Valores engadidos

PRODUCTO PUBLICORREO PLUS

- Treito de envíos. Código del treito de envíos.
- Número de Envíos.
- Treito de Peso. Código de treito de peso de los envíos.
- Peso Unitario.
- DATA. Código del DATA
- Clasificación. Código da clasificación

Estes valores diferirán para cada grupo de envíos do mesmo albará

Por último, compartido por todos os grupos de envíos dun mesmo albará

- Provincia de admisión.

6.2. Estrutura XML

O formato de etiquetas dos arquivos XML de GANES para productos diferentes de Publicorreo Plus é a seguinte:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>
<ALBARANES>
  <ALBARAN nr="contador">
    <P>código_produto</P>
    <TF>código_franqueo</TF>
    <CONTR>número_contrato</CONTR>
    <DATE year="aaaa" month="mm" day="dd" />
```

```
<CIF>CIF</CIF>
<REF>referencia</REF>
<CLI>cliente</CLI>
<NCLI>número_cliente</NCLI>
<EC>entidade_colaboradora</EC>
<NEC>número_entidade_colaboradora</NEC>
<DEST>código_destino</DEST>
<PRECIO>prezo_euros</PRECIO>
<NFM>importe_ franqueado_euros</NFM>
<NM><FM>número_máquina</NM>
<NFC>número_franqueo_concertado</NFC>
<MOD>código_modalidade_1:código_modalidade_2:código_
    modalidade_n</MOD>
<DET>
    <TR>número_envíos;código_treito;código_ámbito;códig
    o_clasificación;(código_valor_engadido)</TR>
</DET>
<PROV>Nome da provincia de admisión</PROV>
<CAMPANA>código_campaña</CAMPANA>
</ALBARAN>
</ALBARANES>
```

El formato de etiquetas de los archivos XML de GANES para el producto Publicorreo Plus es la siguiente:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>
<ALBARANES>
<ALBARAN nr="contador">
<P>código_produto</P>
<TF>código_franqueo</TF>
<CONTR>número_contrato</CONTR>
<DATE year="aaaa" month="mm" day="dd" />
<CIF>CIF</CIF>
<REF>referencia</REF>
<CLI>cliente</CLI>
<NCLI>número_cliente</NCLI>
<EC>entidade_colaboradora</EC>
<NEC>número_entidade_colaboradora</NEC>
<DEST>código_destino</DEST>
```

```
    <PRECIO>prezo_euros</PRECIO>
    <NFM>importe_ franqueado_euros</NFM>
    <NM><FM>número_máquina</NM>
    <NFC>número_franqueo_concertado</NFC>
   <MOD>código_modalidade_1:código_modalidade_2:código_
      modalidade_n</MOD>
  <DET>
      <TR>código_treito_envio;número_envíos;código_treito;
      peso_ubitario;código_datacódigo_clasificación</TR>
    </DET>
  <PROV>Nome da provincia de admisión</PROV>
  <CAMPANA>código_campaña</CAMPANA>
 </ALBARAN>
</ALBARANES>
```

6.3. Significado das etiquetas

- <ALBARANES> </ALBARANES> delimitan os datos do ficheiro
- <ALBARAN nr> </ALBARAN> encapsulan cada albará dentro do ficheiro
  - O atributo **nr** fai referencia a un contador que identifica o albará dentro do ficheiro. Ao primeiro correspóndelle o número 0, ao segundo o número 1, e así sucesivamente
- <P> </P> Pechan o código que identifica ao produto do albará
- <TF> </TF> Encapsulan o código do tipo de franqueo do albará
- <CONTR> </CONTR> Contén o número de contrato
- <DATE year month day/> Indica a data nos seus atributos
  - **year**: ano, debe indicarse en formato aaaa
  - **month**: mes, debe indicarse en formato mm
  - **day**: día, debe indicarse en formato dd
- <CIF> </CIF> Contén o CIF do cliente
- <CLI> </CLI> Encapsula o nome do cliente
- <NCLI> </NCLI> Pecha o número de cliente
- <EC> </EC> Encapsula o nome da Entidade Colaboradora
- <NEC> </NEC> Pecha o número de Entidade Colaboradora
- <DEST> </DEST> Contén o código de destino do albará
- <PREZO> </PREZO> Indica o prezo en euros do albará
- <NFM> </NFM> Contén o Importe franqueado (esta etiqueta só é precisa para albarás de franqueo a máquina)

- <NM> </NM> Pecha o número de máquina (esta etiqueta só é precisa para albarás de franqueo a máquina)
- <NFC> </NFC> Indica o número de franqueo concertado (esta etiqueta só é precisa para albarás de franqueo concertado)
- <MOD> </MOD> Contén os códigos das modalidades do albará separados por ":" (só para produtos con modalidades)
- <DET> </DET> Delimita os datos de detalle do albará, que se refiren ás características de cada grupo de envíos dentro deste.
  - <TR> </TR> Pechan as características de cada grupo de envíos. Polo tanto un albará pode conter varias etiquetas deste tipo. Os datos sepáranse por ";" e aparecen na seguinte orde:
    - PUBLICORREO PLUS
      - Código do treito de envío
      - Número de envíos
      - Código do treito de peso de los envíos
      - Peso unitario
      - DATA
      - Código da clasificación de envíos
    - RESTO PRODUCTOS
      - Número de envíos
      - Código do treito de peso dos envíos
      - Código del ámbito de distribución
      - Código da clasificación de envíos
      - "(" Código do valor engadido para los envíos ")"
- <PROV></PROV> Contén o nome da provincia de admisión.

6.4. Codificación de datos

Algúns dos datos do albará incorpóranse ao ficheiro XML a través de códigos específicos. Nas seguintes táboas recóllense os ditos códigos e as súas equivalencias. Para establecer que combinacións de franqueo, destino, produto, modalidade, treito de peso, ámbito, grao de clasificación e valor engadido son válidas pódese consultar a Guía de Produtos de correos. Tamén pode tratar de rexistrar un albará con eses datos en GANES e ver se a aplicación os admite.

6.4.1. Tipo de franqueo

Código	***Franqueo***
1	FRANQUEO PAGADO
2	FRANQUEO CONCERTADO
3	FRANQUEO MÁQUINA

6.4.2. Destino

Código	*Destino*
0	NACIONAL
1	INTERNACIONAL

6.4.3. Produto

Código	*Producto*
01	CARTA ORDINARIA
02	CARTA CERTIFICADA
03	NOTIFICACIONS PROCEDEMIENTO XERAL
04	CARTA URXENTE ORDINARIA
05	CARTA URXENTE CERTIFICADA
06	TARJETAS COBRO
13	IMPRESOS SEN ENDEREZO
14	IMPRESOS SEN ENDEREZO CON SELECCIÓN POR SECTORES
15	SACAS M PUBLICIDADE
21	LIBROS
22	LIBROS AVIÓN
23	LIBROS SUPERFICIE
24	SACAS M LIBROS
25	SACAS M LIBROS CERTIFICADA
31	PUBLICACIONES PERIÓDICAS
32	PERIÓDICOS TEMPO
33	PERIÓDICOS FUERA VALIJA
34	PUBLICACIONES POLÍTICAS Y SINDICALES
35	PERIÓDICOS SUSCRIPTORES AVIÓN
36	PERIÓDICOS SUSCRIPTORES SUPERFICIE
37	SACAS M PERIÓDICOS
40	LIBROS TARJETA
43	PAQUETE POSTAL ECONÓMICO
44	PAQUETE AZUL
40	LIBROS TARJETA
45	POSTAL EXPRÉS
51	CARTA CERTIFICADA CON A..R., R.INF. Y G.E. (ANEXO 65)
52	CARTA CERTIFICADA CON INF. (ANEXO 80)
53	NOTIFICACIONS ACORDO ESPECIAL (ANEXO 65)
55	CARTA CERTIFICADA CON e-A.R., R.INF. Y G.E. (ANEXO 65)

56	NOTIFICACIONS ACORDO ESPECIAL e-AR (ANEXO 65)
57	CARTA CERTIFICADA CON INF. E-AR (ANEXO 80)
51	CARTA CERTIFICADA CON A..R., R.INF. Y G.E. (ANEXO 65)
52	CARTA CERTIFICADA CON INF. (ANEXO 80)
53	NOTIFICACIONS ACORDO ESPECIAL (ANEXO 65)
55	CARTAS CERTIFICADAS ACORDOS ESPECIAIS - PEE
56	NOTIFICACIONS ACORDO ESPECIAL - PEE
57	CARTAS CERTIFICADAS (Anexo 80) - PEE
58	NOTIFICACIÓNS JD DE PROCEDEMENTO XERAL
59	NOTIFICACIÓNS JD DE ACORDOS ESPECIAIS
96	PUBLICORREO ÓPTIMO
97	PUBLICORREO PREMIUM
98	PUBLICORREO PREMIUM REXISTRADO BAIXO SINATURA
99	PUBLICORREO PLUS

6.4.4. Modalidade

Código	***Modalidade***
00010000	REEMBOLSO
00000100	RETORNO DE INFORMACIÓN
00000010	DIXITALIZACIÓN
00000001	CLASIFICACIÓN DE ENVÍOS
00100000	SELECCIÓN POR SECTORES
01000000	TEMPO
10000000	PREPARACIÓN ENVÍO
0100000000	DESTRUCCIÓN
1000000000	TRAZABILIDADE
0000000102	Proba de entrega electrónica 5 anos
0000000103	Proba de entrega electrónica 10 anos
0000000104	Proba de entrega electrónica 15 anos

6.4.5. Treito de peso

Código	***Treito de peso***
00000	20 gramos Normalizada
xxxxx	TREITO DE PESO EXPRESADO EN GRAMOS

6.4.6. Ámbito

Algúns códigos de ámbito son compartidos para distintos produtos, nese caso especifícase o ámbito correspondente segundo o produto. Por exemplo:

O ámbito internacional con código número 16 é compartido polos seguintes produtos:

• Paquete postal económico

• Postal Express

Significando para cada un deles respectivamente:

• ZONA A (U.E.) PAQUETE POSTAL ECONÓMICO

• ZONA A (EUROPA 1) POSTAL EXPRES

Para a aplicación do IGIC, en GANES 2.0.7 e posteriores, foi necesario modificar os ámbitos dispoñibles para as provincias Canarias (As Palmas de Gran Canaria e Sta. Cruz de Tenerife). Por este motivo, mostraranse os seguintes ámbitos segundo corresponda ao produto:

- D1 CANARIAS MESMA ILLA
- D1 CANARIAS DISTINTA ILLA
- D2 CANARIAS MESMA ILLA
- D2 CANARIAS DISTINTA ILLA
- PROVINCIAL MESMA ILLA
- PROVINCIAL DISTINTA ILLA

En vez de los anteriores:

- D1 CANARIAS
- D2 CANARIAS
- PROVINCIAL

A partir de GANES 2.0.8 engádese a posibilidade de elixir novos ámbitos internacionais marcando a casa de ámbitos especiais que se mostra ao seleccionar a opción destino internacional.

Estes novos ámbitos aparecerán para os produtos:

- CARTA CERTIFICADA INTERNACIONAL
- CARTA ORDINARIA INTERNACIONAL
- CARTA URXENTE INTERNACIONAL
- CARTA URXENTE CERTIFICADA INTERNACIONAL
- PUBLICORREO FP INTERNACIONAL
- PUBLICORREO FM INTERNACIONAL
- POSTAL EXPRES



Código	***Produto***
01	LOCAL
02	D1 (PENÍNSULA E BALEARES)
03	D2 (RESTO)
05	PROVINCIAL
06	CC.AA. LIMÍTROFES
07	PENÍNSULA
08	BALEARES
09	CANARIAS
11	INTERNACIONAL ZONA 1 EUROPA (U.E.)
12	INTERNACIONAL ZONA 2 (EXENTA IMPUESTO)
13	ZONA A (U.E.) . SACAS M
14	ZONA B (RESTO EUROPA, AMÉRICA E ÁFRICA). SACAS M
15	ZONA C (ASIA E OCEANÍA). SACAS M
16	ZONA A (U.E.) PAQUETE POSTAL ECONÓMICO ZONA A (EUROPA 1) POSTAL EXPRES
17	ZONA B (RESTO EUROPA) PAQUETE POSTAL ECONÓMICO ZONA B (EUROPA 2) POSTAL EXPRES
18	ZONA C (ÁFRICA) PAQUETE POSTAL ECONÓMICO ZONA C (NORTEAMÉRICA E PORTO RICO) POSTAL EXPRES
19	ZONA D (SUDAMÉRICA, ASIA E OCEANÍA) PAQUETE POSTAL ECONÓMICO ZONA D (RESTO DE AMÉRICA, ASIA E OCEANÍA) POSTAL EXPRES
20	ZONA E (NORTEAMÉRICA E CENTROAMÉRICA) PAQUETE POSTAL ECONÓMICO ZONA E (RESTO DE EUROPA E ÁFRICA) POSTAL EXPRES
26	D1 (CANARIAS)
27	D1 (CEUTA)
28	D1 (MELILLA)
29	D2 (CANARIAS)
30	D2 (ANDORRA)
31	CEUTA
32	MELILLA
33	ANDORRA
34	INTERNACIONAL ZONA 1 (EXENTA IMPOSTO) (RESTO DE EUROPA)

35	INTERNACIONAL ZONA A (EXENTA IMPOSTO)
36	INTERNACIONAL ZONA B (EXENTA IMPOSTO)
37	INTERNACIONAL ZONA A (EXENTA IMPOSTO)
38	INTERNACIONAL ZONA B (EXENTA IMPOSTO)
39	INTERNACIONAL ZONA E (EXENTA IMPOSTO)
40	TARIFA ÚNICA ZONA 1 (EXENTA IMPOSTO)
41	PROVINCIAL MESMA ILLA
42	PROVINCIAL DISTINTA ILLA
43	D1 CANARIAS MESMA ILLA
44	D2 CANARIAS MESMA ILLA
45	D1 CANARIAS DISTINTA ILLA
46	D2 CANARIAS DISTINTA ILLA
50	ALEMAÑIA
51	AUSTRIA
52	BÉLXICA
53	BRASIL
54	DINAMARCA
55	ESTADOS UNIDOS
56	FINLANDIA
57	FRANCIA
58	GRAN BRETAÑA
59	HOLANDA
60	ITALIA
61	XAPÓN
62	PORTUGAL
63	SUECIA
64	SUÍZA
65	NORUEGA
66	AUSTRALIA
67	CHINA
68	COREA DO SUR
69	HONG KONG
70	IRLANDA
71	ISLANDIA
72	INTERNACIONAL ZONA 2 EUROPA (U.E.)

6.4.7. Grao de clasificación

Código	*Grao de clasificación*
3	G2 (CÓDIGO POSTAL)
2	G1 (PROVINCIA/ZONA)
1	G0 (SEN CLASIFICAR)

6.4.8. Valor engadido

Código	*Valor engadido*
1	A.R.
2	BUROFAX
3	CARTA URXENTE
5	ENTREGA DESTINATARIO
6	e-A.R. (Xustificante de recepción electrónico).

6.4.9. Treitos envíos publicorreo plus

Código	*Valor envíos*
1	Ata 1.000 envíos
2	Ata 2.000 envíos
3	Ata 3.000 envíos
4	Ata 4.000 envíos
5	Ata 5.000 envíos
6	Ata 7.500 envíos
7	Ata 10.000 envíos

6.4.10. DATA

Código	*Valor DATA*
1	B2B
2	B2C
3	ADD

6.5. Exemplos

Os seguintes exemplos ilustran os ficheiros XML correspondentes a distintos albarás xerados por GANES.

6.5.1. Exemplo 1

GANES 3.1.0

ALBARÁ DE ENTREGA

Cliente	Cliente 1			Referència
Nº Contrato	00000001			
Nº Cliente	00000001	NIF	111	Data de Rexistro 01/10/2015 16:49
Tipo de Franqueo	FRANQUEO PAGADO	Nº Franqueo		Nº Total de Envíos 99

DATOS DO DEPÓSITO

Destino	NACIONAL	Produto	CARTAS CERTIFICADAS ACORDOS ESPECIAIS
Modalidades			

Nº Envíos		Treito de Peso		Ámbito		Clasificación		Valores Engadidos	
	☑		☑		☑		☑		☑
44		20 gr normalizado		Local		G0 (non clasificado)			
55		50 gr		Local		G0 (non clasificado)			


```xml
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>

<ALBARANES>
  <ALBARAN nr="0">
    <DATE year="2015" month="09" day="29" hour="09" minute="16"/>
    <PRECIO>0</PRECIO>
    <CLI>Cliente 1</CLI>
    <CONTR>00000001</CONTR>
    <NCLI>00000001</NCLI>
    <PROV>Andorra</PROV>
    <CIF>111</CIF>
    <TF>1</TF>
    <DEST>0</DEST>
    <VERSION>3.0.1</VERSION>
    <P>51</P>
    <DET>
      <TR>33;00000;01;1;</TR>
    </DET>
  </ALBARAN>
</ALBARANES>
```


6.5.2. Exemplo 2

GANES 3.1.0

ALBARÁ DE ENTREGA

Cliente	Cliente 1			Referència
Nº Contrato	00000001			
Nº Cliente	00000001	NIF	111	Data de Rexistro 01/10/2015 17:03
Tipo de Franqueo	FRANQUEO A MÁQUINA	Nº Franqueo	10,00	Nº Total de Envíos 33

DATOS DO DEPÓSITO

Destino	NACIONAL	Produto	CARTA URXENTE CERTIFICADA NACIONAL
Modalidades			

Nº Envíos		Treito de Peso		Ámbito		Clasificación		Valores Engadidos	
	☑		☑		☑		☑		☑
33		500 gr		D1 MELILLA		G1 (Por provincia ou rexión)			


```xml
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>

<ALBARANES>
  <ALBARAN nr="0">
    <DATE year="2015" month="10" day="01" hour="17" minute="03"/>
    <PRECIO>0</PRECIO>
    <CLI>Cliente 1</CLI>
    <CONTR>00000001</CONTR>
    <NCLI>00000001</NCLI>
    <PROV>Andorra</PROV>
    <CIF>111</CIF>
    <TF>2</TF>
    <NFM>10,00</NFM>
    <NM>22</NM>
    <DEST>0</DEST>
    <VERSION>3.1.0</VERSION>
    <P>05</P>
    <DET>
      <TR>33;00500;28;2;</TR>
    </DET>
  </ALBARAN>
</ALBARANES>
```

6.5.3. Exemplo 3

GANES 3.1.0

ALBARÁ DE ENTREGA

Cliente	Cliente 1			Referència
Nº Contrato	00000001			
Nº Cliente	00000001	NIF	111	Data de Rexistro 01/10/2015 17:06
Tipo de Franqueo	FRANQUEO CONCERTADO	Nº Franqueo	22	Nº Total de Envíos 22

DATOS DO DEPÓSITO

Destino	NACIONAL	Produto	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS
Modalidades			

Nº Envíos		Treito de Peso		Ámbito		Clasificación		Valores Engadidos	
	☑		☑		☑		☑		☑
22		200 gr		Local		G0 (non clasificado)			

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1"?>

<ALBARANES>
  <ALBARAN nr="0">
    <DATE year="2015" month="10" day="01" hour="17" minute="06"/>
    <PRECIO>0</PRECIO>
    <CLI>Cliente 1</CLI>
    <CONTR>00000001</CONTR>
    <NCLI>00000001</NCLI>
    <PROV>Andorra</PROV>
    <CIF>111</CIF>
    <TF>3</TF>
    <NFC>22</NFC>
    <DEST>0</DEST>
    <VERSION>3.1.0</VERSION>
    <P>31</P>
    <DET>
      <TR>22;00200;01;1;</TR>
    </DET>
  </ALBARAN>
</ALBARANES>
```